

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO DA SENDA LITORAL DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E pola outra, D. Juan Marcos Pérez Gulín, en calidade de Presidente da **Fundación Galicia Sustentable**, con CIF G-70193537, con domicilio social en Travesa de Picaños, 27, 15702 Santiago de Compostela.

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- A Fundación Galicia Sustentable é unha fundación privada de interese galego, constituída o 26 de decembro de 2008.

A Fundación ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos para a consecución dos seus fins a fundación organizará e levará a cabo actividades do seguinte tipo, entre outras:

- Actividades formativas, de divulgación do concepto da sustentabilidade tales como ciclos de conferencias, seminarios, cursos e congresos.
- Organizar actos públicos para a concienciación e para enviar mensaxes a prol da sustentabilidade á sociedade civil.
- Actividades culturais no marco da sustentabilidade como exposicións, concertos, charlas de divulgación cultural, ciclos de cine ou proxeccións puntuais de películas e documentais.
- Asesorar a institucións de carácter público e privado con competencias ou actuacións estratéxicas que poidan ter efectos sobre a sustentabilidade.



- Participar en proxectos de I+D+i que fomenten, profunden ou traten de facer unha contribución cara a sustentabilidade, en particular no referido á ordenación do territorio.
- Apoiar, a través da transferencia de coñecemento, iniciativas empresariais e proxectos de emprendedores que impulsen, difundan e favorezan coas súas actividades a sustentabilidade de Galicia.

(...)

Galicia, como destino natural relevante polas súas paisaxes e especialmente polo atractivo do seu litoral, cun enorme valor paisaxístico e ambiental, actúa como factor de atracción para quen a visita, cunha costa única configurada a través das súas rías, cabos, praias, vilas e pobos mariñeiros, cidades atlánticas e portos. O litoral galego constitúese como un eixe de unión de todos estes elementos

Terceiro.- A Senda Litoral de Galicia configúrase como un itinerario de interese paisaxístico, en coherencia coa natureza e as funcións que lle outorgan as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de ordenación do litoral (POL) e ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados na contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

A administración autonómica escolleu como prioridade na convocatoria potenciar o valor da costa galega como reclamo turístico a través de actuacións de conservación nos seus recursos e mellorando as infraestruturas do seu entorno.

A mellora e humanización da senda litoral resulta clave tamén para abordar o desenvolvemento sostible de alternativas turísticas, fomentando a deslocalización xa que ofrece ao turista unha visión integral do territorio.

As accións que a Fundación Galicia Sustentable levará a cabo serán as seguintes:

- a. **Manual de identidade corporativa:**



- i. Identidade visual
 - ii. Tipografía
 - iii. Elementos gráficos complementarios
 - iv. Aplicacións
 - v. Normas de uso
- b. Manual de sinalización e elementos auxiliares**
- i. Tipoloxía de sinais e equipamentos auxiliares
 - ii. Elementos gráficos básicos
 - iii. Aplicacións e descripción de sinais
 - iv. Elementos de sinalización
 - v. Equipamentos auxiliares.
- c. Informe de características do trazado (1.300 km)**
- i. Obxectivo e alcance do informe
 - ii. Descripción xeral da senda e contorna
 - iii. Análise do trazado: superficie, e estado actual
 - iv. Tramos comúns e conexións
 - v. Paso por fincas privadas: identificación
 - vi. Accesibilidade e uso
 - vii. Mantemento
 - viii. Identificación de problemas e oportunidades
 - ix. Conclusións con: puntos clave e recomendacións
 - x. Anexos
 - a) Cartografía
 - b) Documentación gráfica
- d. Informe de detalle de zonas propostas de actuación e descartes**
- i. Obxectivo e alcance do informe
 - ii. Identificación xeral de zonas de actuación



- a) Criterios de selección
 - b) Ficha resumen de cada zona de actuación
- iii. Tipoloxías de actuacións propostas
- a) Identificación do tramo
 - b) Descrición da problemática
 - c) Proposta de actuación (solución proposta)
 - d) Impacto ambiental
 - e) Orzamento
- iv. Usos do chan e propiedade
- a) Avaliación de restricións
 - b) Xestión de permisos
- v. Tramos descartados
- a) Identificación do tramo
 - b) Motivo do descarte
- vi. Anexos
- a) Cartografía
 - b) Documentación gráfica
 - c) Documentación adicional

Estas actuacións incrementarán a calidade da oferta turística xa que reforzan a capacidade de reclamo, dotando de novos atractivos ao territorio de actuación.

Cuarto.- O artigo 7.2 do citado Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.



Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que "cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable".

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do convenio administrativo previsto no artigo 47.2 a) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor da Fundación Galicia Sustentable..

Quinto.- Que a colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do convenio.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Galicia Sustentable para a realización dun estudo para a materialización e desenvolvemento da delimitación do trazado da "Senda Litoral de Galicia".

Este proxecto pretende revalorizar o litoral galego fomentando o descubrimento do litoral, concienciando sobre o seu valor natural e patrimonial como reclamo turístico, promovendo a xestión sostible desde o destino.

Segunda.- Compromisos das partes

1. A Fundación Galicia Sustentable. comprométese a:



- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

- Entregar á ATG todo o material elaborado, en formato dixital, así como todos os documentos e audiovisuais creados durante a súa elaboración (fotos/vídeos de presentación, talleres técnicos, ...).

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para a actuación que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Subministrar á ATG, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola ATG, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia de Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

-2. A ATG comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula terceira e a colaborar na promoción de ditos produtos turísticos.

Terceira.- Orzamento e financiamento

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 140.360,00 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:



ESTUDIO/INFORME	IMPORTE S/IVE	IVE
Manual de Identidade Corporativa	6.000	1.260
Manual de sinalización e elementos auxiliares da senda	18.000	3.780
Informe de características do trazado (lonxitude, tramos común a outras sendas, paso por fincas privadas, conexións...): Análise previo que da orixe ao informe de actuacións	38.000	7.980
Informe de detalle de zonas propostas de actuación e descartes	54.000	11.340
	116.000	24.360
	140.360	

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do antedito convenio, achegando un importe máximo de cento corenta mil trescentos sesenta euros (140.360,00€) con cargo á aplicación 04.A2.761A.640.0, código de proxecto 2013 00004, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para a anualidade 2025.

En todo caso, as achegas da Axencia de Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que a Fundación Galicia Sustentable obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Fundación Galicia Sustentable unha vez que a entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.



Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante, a ATG, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia de Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que a Fundación Galicia Sustentable deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade co seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:



- a. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
- b. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto, poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á ATG polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

-Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o 30 de novembro de 2025.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula cuarta deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento



Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.



Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Fundación Galicia Sustentable ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.



2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Fundación Galicia Sustentable comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través



de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo Cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Fundación Galicia Sustentable

Xosé Manuel Merelles Remy

Juan Marcos Pérez Gulín

